



4ª ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESQUÍ NÁUTICO 2010

Bos días:

Seguindo a Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, convócase a Asamblea Xeral Extraordinaria para o venres día 19 de novembro de 2010 as 19:30h en primeira convocatoria e 20:00h en segunda convocatoria a celebrar no Clube Náutico San Telmo sito en Tui, dirección Baixada o Embarcaderoiro s/nº, para a aprobación do regulamento electoral no proceso de elección dos órganos de goberno, Asamblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Esquí Náutico, con representatividade durante o período 2010 ata o 2014.

Incluirase na orde do día o novo sistema de licenzas federativas "PLAN XOGADE" que a Xunta de Galicia introducirá neste próximo ano, sendo así as licenzas con custo cero dende os 6 ata os 16 anos, adxuntamos unha copia das bases; tamén incluiremos na orde do día os temas a tratar sobre a actividade Federativa e da nova redución da subvención por parte da Xunta de Galicia as Federacións Deportivas Galegas, aínda que no mes de xaneiro, como todos os anos pasados, celebraremos a Asamblea Xeral 2010.

Rógase a asistencia dada a importancia que teñen os temas a tratar para o impulso e do futuro do Esquí Náutico en Galicia.

En Ourense, 14 de novembro de 2010

Jacobo M. Pereira Vázquez

COÑECE O MEU CLUB

NOVIDADE!

En que consiste? En acercarlles aos escolares os recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, e ofrecerlles unha alternativa de ocupación para o seu tempo libre, que lles axude na consecución de hábitos activos e saudables.

Os técnicos do club visitarán os centros escolares para facer unha presentación do seu deporte, explicar o funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións...) e invitará os escolares a compartir un dos seus adestramentos. Crearase así un vínculo importante entre o centro escolar e o club da localidade. O centro escolar deberá emitirlle un certificado por duplicado ao club que realice a actividade, unha vez finalizada esta, onde se indiquen os datos indispensables publicados na web.

A quen vai dirixido? Aos clubs deportivos que estean inscritos no rexistro de clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como facer a solicitude? Na paxina web www.deportegalego.es, os clubs interesados deberán rexistrarse en Xogade, e poñer os seus datos á dispoñibilidade dos centros de ensino da súa localidade interesados nesta actividade.

XOGOS POPULARES

NOVIDADE!

En que consiste? Nun taller itinerante de xogos populares para realizar nos centros escolares co seu profesorado e o material cedido en préstamo pola Secretaría Xeral para o Deporte. A duración do taller será dunha semana por centro e contará co seguinte material:

- Paneis de exposición para colocar no centro escolar.
- Baúl de xogos: que disporá do material necesario para poñer en práctica os xogos expostos.
- Unidade didáctica

A quen vai dirixido? A centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como solicitalas? Na paxina web www.deportegalego.es. Ata o 15 de outubro de 2010.

Unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web. Os centros escolares que obteñan a validación serán avisados por correo electrónico e a través da web.

EDUCACIÓN, DEPORTE E VALORES

NOVIDADE!

En que consiste? Nunha exposición itinerante, dunha semana de duración, polos centros escolares con paneis informativos.

A quen vai dirixido? A centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como solicitalas? Na paxina web www.deportegalego.es ata o 15 de outubro.

Unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web.

Os centros escolares que obteñan a validación serán avisados por correo electrónico e a través da web.

laura.mosquera.esoudero@xunta.es

Xogade

INFORMACIÓN E CONTACTO

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos San Lázaro
15781-Santiago de Compostela
Tel. 981 542 614/40
Fax: 981 542 638
Web: www.deportegalego.es
E-mail: deporte.escolar.sci@hotmail.com

SERVIZO DE DEPORTE A CORUÑA

Praza Agustín Díaz (Complejo Deportivo Elviña)
15008-A Coruña
Tel.: 981 132 443
Fax: 981 132 527
E-mail: deportes.coruna@xunta.es

SERVIZO DE DEPORTE LUGO

Edif. Ronda da Muralla, 70-1º
27071-Lugo
Tel.: 982 294 560 - 982 294 567 - 982 294 568
Fax: 982 294 565
E-mail: deportes.lugo@xunta.es

SERVIZO DEPORTE OURENSE

Avda. Habana, 79-4º
32004-Ourense
Tel.: 988 386 050
Fax: 988 386 051
E-mail: deportes.ourense@xunta.es

SERVIZO DEPORTE PONTEVEDRA

R/Fernández Ladreda, nº 43-6º pranta
36003-Pontevedra
Tel.: 986 805 289 - 886 206 527
Fax: 986 803 924
E-mail: deportes.pontevedra@xunta.es

SERVIZO DEPORTE VIGO

Fotógrafo Luis Ksado, 17
36209-Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986 208 568
Fax: 986 201 911
E-mail: deportes.vigo@xunta.es

PARA MAS INFORMACIÓN

www.deportegalego.es



XUNTA
DE GALICIA


Xogade

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

Dep. Legal: C. 2989-2010



XUNTA
DE GALICIA



PROGRAMA XOGADE

É o programa da Xunta de Galicia destinado a fomentar e estender a **práctica da actividade físico deportiva, baixo parámetros educativos e saudables, a toda a poboación escolar.**

Co incremento da práctica de actividade física, o fomento dos valores educativos que achega o xogo e o deporte, e o acercamento dos mozos á estrutura deportiva da súa localidade, avanza cara a un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia; lograr una GALICIA SAUDABLE.

XOGADE 2010-2011

Actividades do programa Xogade para o curso escolar 2010-2011:

- Actividade deportiva
- Actividade lúdica
- Coñece o meu club **NOVIDADE!**
- Xogos populares **NOVIDADE!**
- Educación, deporte e valores **NOVIDADE!**

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Este programa vai dirixido aos centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

COMO APUNTARSE?

A inscrición realízase a través da aplicación informática que se atopa na páxina web: www.deportegalego.es.

A inscrición comenza o 15 de Setembro.
APÚNTATE!

WWW.DEPORTEGALEGO.ES

ACTIVIDADE DEPORTIVA

EN QUE CONSISTE?

Son os xogos deportivos en idade escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

A quen vai dirixido? Aos centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Onde inscribirse? Na páxina web www.deportegalego.es, atoparás a XOGADE e a plataforma deseñada para o proceso de inscrición (www.deporteescolargalego.org).

Cando inscribirse? Cada modalidade deportiva ten o seu prazo de inscrición que poderá atoparse na documentación publicada na páxina web.

Cales son as modalidades deportivas?

ATLETISMO EN PISTA	DUATLÓN	PATINAXE ARTÍSTICA
BÁDMINTON	FÚTBOL SALA	TAEKWONDO
BALONCESTO	JUDO	TENIS DE MESA
BALONMÁN	LOITA OLÍMPICA	VOLEIBOL
BÉISBOL E SOFBOL NOVIDADE!	NATAción	XADREZ
BIATLÓN	NATAción SINCRONIZADA	XIMNASIA RÍTMICA
CAMPO A TRÁVÉS	ORIENTACIÓN	XOGA JUDO
		XOGANDO CO ATLETISMO

E AS CATEGORÍAS?

Benxamín: 2002-2001 **Alevín:** 2000 - 1999

Infantil: 1998-1997 **Cadete:** 1996-1995

Cales serán as fases?

Fase Comarcal: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Fase Intercomarcal: benxamín, alevín, infantil e cadete

Fase Provincial: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Fase Autonómica: Infantil e cadete.

Fase Nacional: Infantil e cadete. Só algunhas modalidades deportivas. Nas categorías e fases existen modificacións dependendo da regulamentación específica de cada unha das modalidades deportivas, polo que será necesario a súa consulta na páxina web.

ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA EN IDADE ESCOLAR **NOVIDADE!**

Nestas actividades levadas a cabo polas diferentes federacións deportivas Galegas, a Secretaría Xeral para o Deporte facilitaralles un **seguro deportivo a todos os deportistas federados de 6 a 16 anos**, independentemente da súa modalidade deportiva. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia pola promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables. A inscrición dos deportistas deberá facerse a través da páxina web www.deportegalego.es.

ACTIVIDADE LÚDICA

EN QUE CONSISTE?

En xornadas de acercamento de diferentes modalidades deportivas aos centros educativos para proporcionarlles aos escolares un primeiro contacto e empregarse o xogo como ferramenta educativa.

As actividades realizaranse en horario lectivo durante 1 ou 2 mañás dependendo de cada actividade e levaranse a cabo por técnicos da federación correspondente. O centro recibirá unha unidade didáctica ao finalizar a actividade.

A quen vai dirixido? Os centros de ensino pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Cales son as actividades dispoñibles?

XADREZ NA ESCOLA **NOVIDADE!**
BÁDMINTON NA ESCOLA
BAILE DEPORTIVO **NOVIDADE!**
BÉISBOL NA ESCOLA **NOVIDADE!**
JUDO NA ESCOLA
LOITA OLÍMPICA NA ESCOLA
ORIENTACIÓN NA ESCOLA

REMO NA ESCOLA **NOVIDADE!**
RUGBY NA ESCOLA **NOVIDADE!**
TRIATLÓN NA ESCOLA
TAEKWONDO NA ESCOLA
VOLEIBOL NA ESCOLA **NOVIDADE!**
XIMNASIA RÍTMICA NA ESCOLA **NOVIDADE!**

COMO SOLICITALAS ?

Na páxina web www.deportegalego.es, atoparás a XOGADE e a plataforma deseñada para o proceso de solicitude (www.deporteescolargalego.org).

O 15 de outubro, unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web. Os centros escolares que obteñan a validación serán avisados por correo electrónico e a través da web.

Para que cursos se ofertan?

Dende 1.º de primaria ata 1.º de bacharelato, e poderá ter restricións nalgunhas das actividades, polo que será necesario consultar a publicación na web.

PREMIOS A CENTROS ESCOLARES **NOVIDADE!**

Dende a Secretaría Xeral para o Deporte quere premiar os centros escolares con maior participación neste programa Xogade. As bases publicaranse na web, así como os centros premiados, que recibirán diferentes materiais deportivos que lles axuden a continuar co seu labor de difusión da actividade físico deportiva.

